

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 30 DE MAIO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Bueu.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Bueu.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Viana do Bolo.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Viana do Bolo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial EP-9201 Sanxenxo-Bordóns-Estrada Samieira a prol do Concello de Sanxenxo.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para actuar en nome da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e realizar todos os actos necesarios para a tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos e sistemas baixo a denominación única "Xunta de Galicia", e se establece o procedemento de publicación nas diferentes plataformas de distribución.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), para a execución do proxecto "Formación Profesional e o desenvolvemento produtivo sustentable da pesca de pequena escala en Centroamérica. PROFOPAC IV", polo importe de cento oitenta mil euros (180.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Sada (A Coruña), para a construción dun punto limpo no concello de Sada (A Coruña), polo importe de trescentos doce mil seiscentos corenta e cinco euros con noventa e sete céntimos (312.645,97€).
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) para a contratación da operación e mantemento das estacións de transferencia (NC0005/2013), por un importe total de dezasete millóns oitocentos trinta e cinco mil catrocentos euros (17.835.400,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2013 das axudas do Igape para a contratación de xestores Igapex de Internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, polo importe total de dous millóns cento cincuenta e cinco mil euros (2.155.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as Sociedades de Garantía Recíproca, para a habilitación dunha liña de microcréditos destinados ao financiamento dos investimentos dos emprendedores e microempresas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda terceira ao Convenio de Colaboración asinado o 1 de decembro de 2010 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e oito mil douscentos vinte e seis euros con oito céntimos (48.226,08€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda terceira ao Convenio de Colaboración asinado o 8 de setembro de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Cruz Vermella Española, para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe máximo de cento sesenta e cinco mil oitocentos setenta e un euros con oitenta e nove céntimos (165.871,89€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda terceira ao Convenio de Colaboración asinado o 2 de xaneiro de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de sesenta e dous mil setecentos euros con vinte e sete céntimos (62.700,27€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda terceira ao Convenio de Colaboración asinado o 15 de decembro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (AMENCER-ASPACE), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento trinta e nove mil cinco euros con corenta e cinco céntimos (139.005,45€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda terceira ao Convenio de Colaboración asinado o 15 de decembro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento catro mil setecentos trinta e dous euros con vinte e oito céntimos (104.732,28€).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da Orde pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán o concurso público de nove bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se procede á súa convocatoria, por un importe total de douscentos trece mil oitocentos corenta euros (213.840,00€).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta de contía superior ao establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e á exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás Empresas de Inserción Laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. Importe total: douscentos mil euros (200.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento de programas de formación profesional e formación ocupacional de persoas con discapacidade, no 2013, con financiamento do Fondo Social Europeo (FSE). Importe total de cincocentos vinte mil setecentos oitenta e cinco euros (520.785,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos/as con discapacidade e as súas familias, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais de Galicia (PLADIGA) para o ano 2013.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de Formación Continua do persoal da Administración de Xustiza en Galicia para o ano 2013.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de creación de pemes ou de realización de investimentos en pemes novas promovidas por novos emprendedores. "Programa ReEmprende".
- Informe sobre Pescanova

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actividade Bibliosaúde 2012.

ÚRSULA HEINZE, HIJOS DE RIVERA, A CORAL DE RUADA, HILDA RODRÍGUEZ, CARLOS NÚÑEZ E THE CHIEFTAINS, MEDALLAS CASTELAO 2013

▪ ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2013, coa cal a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana. O decreto aprobado hoxe acorda distinguir á escritora Úrsula Heinze, á empresa Hijos de Rivera, á Coral de Ruada, á primeira medallista paralímpica galega Hilda Rodríguez, e ao músico Carlos Núñez xunto coa banda The Chieftains.

URSULA HEINZE

Nacida en Colonia, Alemaña, en 1941, onde se formou en filoloxía inglesa e alemana, esta escritora asentada na comarca de Santiago por razóns persoais, comeza a publicar en galego, na década dos 80, novelas, ensaios, narracións e literatura infantil e xuvenil cunha importante repercusión. Das súas novelas, por exemplo, destaca *Culpable de asesinato*, gañadora do Premio Blanco-Amor.

Está considerada unha das iniciadoras da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, con libros que tiveron moita difusión. Ademais, cómpre destacar as traducións que ten realizado do alemán ao galego, coas que deu a coñecer en Galicia moitos poetas descoñecidos.

A medalla outórgaselle por enriquecer a nosa literatura e particularmente por contribuír a lectura en galego entre os máis novos, así como difundir en moitas partes do mundo que existe unha lingua e unha literatura galegas.

HIJOS DE RIVERA

Fundada en 1906, Estrella Galicia iniciou a súa actividade na zona portuaria da Coruña, no barrio de Cuatro Caminos, combinando a fabricación de xeo para embarcacións coa produción de cervexa. Tras máis de 107 anos de historia, catro xeracións da familia Rivera teñen logrado situar Estrella Galicia entre as principais marcas do ámbito español e cunha máis que significativa actividade exportadora, que se traduce na súa presenza en máis dunha trintena de países de Europa, Asia e América.

Recibe a distinción por contribuír ao emprendemento en Galicia; sen ir máis lonxe, coa recente ampliación da súa factoría na Coruña, e por manter a ambición permanente de internacionalizar da nosa economía,

CORAL DE RUADA

Fundada en 1918 cos primeiros ensaios baixo a dirección de Daniel González Rodríguez, teñen sido moitos os concertos, festivais e outras actividades nas que participa a Coral da Ruada por todos os pobos de Galicia, nas máis importantes cidades de España e en América. Todo isto convértea nunha institución que ao longo da súa dilatada traxectoria histórica contribuíu e contribúe á posta en valor do esplendor artístico e da cultura popular ourensá e galega. Será recoñecida por esa dilatada carreira, de case 95 anos, dedicada á conservación da tradición e da cultura a través da excelencia artística e musical.

HILDA RODRÍGUEZ

Naceu en Portomarín e tense convertido nunha das principais referencias do atletismo galego, acumulando importantes méritos ao longo da súa traxectoria. Entre todos eles, destaca por ser a primeira medallista paralímpica galega.

Logrou dúas medallas de ouro nos Xogos Paralímpicos de Atlanta 1996 na disciplina de *boccia*, una modalidade na que chegou a acumular unha racha de imbatibilidade que se prolongou por catro anos. Tamén conseguiu o campionato do mundo desta disciplina, na que, en total, acumula máis de medio cento de medallas de ouro en distintas competicións de alto nivel.

Recibirá a medalla Castealo 2013 por todos os seus logros deportivos, pero tamén por demostrar todo o que teñen que achegar á nosa terra as persoas con algún tipo de discapacidade.

CARLOS NÚÑEZ E THE CHIEFTAINS

Carlos Núñez, nacido en Vigo en 1971, comezou a tocar a gaita galega con só oito anos. Desde que comezou a facelo de xeito profesional, ten levado a música celta por todos os lugares do mundo e, a nivel internacional, está considerado un referente desta materia. Destaca a súa labor de difusión, pero tamén as súas achegas á investigación da música celta e á súa fusión con outras músicas nunha prolífica discografía.

Comparte a Medalla coa Banda The Chieftains, o grupo que descubriu a Carlos Núñez cando tiña só 13 anos, coa que comezou a súa carreira na música e coa que segue colaborando. Recibirán a distinción por un dos mellores representantes de Galicia no mundo porque conxuntamente coa Banda irlandesa teñen feito a música celta internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESCUDOS E BANDEIRAS DOS CONCELLOS DE BUEU E VIANA DO BOLO


O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establece a conformación oficial dos escudos e as bandeiras dos concellos de Bueu (Pontevedra) e Viana do Bolo (Ourense).

O escudo de Bueu ten fondo azur (azul), cun navío (bergantín) de ouro (amarelo) coas velas despregadas de prata (branco), sobre ondas de prata e azur; e coroa real pechada ao timbre. A bandeira é en pano azul con tres franxas verticais e ondas de branco ao batente.


Pola súa banda, o escudo de Viana do Bolo é cuartelado. Primeiro e cuarto, de ouro (amarelo) e tres faixas de goles (vermello); segundo e terceiro, de sinople (verde), con cinco vieiras de prata (branco). No centro, escusón (escudete) de goles cunha torre donxonada (cun torreón na parte superior) e oca de ouro. Ao timbre, coroa real pechada.

A bandeira é terciada: primeiro, de amarelo con tres faixas vermellas e, cortado, de verde con cinco vieiras brancas. Segundo, de vermello coa torre donxonada e oca de amarelo. Terceiro, de verde con cinco vieiras brancas e, cortado, de amarelo con tres faixas vermellas.

ESCUDO E BANDEIRA BUEU



ESCUDO E BANDEIRA VIANA DO BOLO



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL SANXENXO- BORDÓNS A PROL DO CONCELLO

- *Trátase do tramo que vai desde o punto quilométrico 2 + 700 ao 3 + 240, que queda en desuso pola execución dunha variante nesa estrada, no lugar de Recarei (Dorrón)*
- *O concello de Sanxenxo manifestou o seu interese por facerse cargo deste tramo sobrance da vía.*
- *O cambio prodúcese despois de que o pleno da Deputación Provincial de Pontevedra acordase a transferencia*
- *A entrega do tramo formalizarase, no prazo de dous meses tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia*
- *Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994 do 14 de setembro de 1994, de estradas de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial EP-9201 Sanxenxo-Bordóns-Samieira a prol do concello pontevedrés de Sanxenxo.

Trátase do tramo que vai desde o punto quilométrico 2 + 700 ao 3 + 240, que queda en desuso pola execución dunha variante nesa estrada, no lugar de Recarei (Dorrón). Por este motivo, o concello manifestou o seu interese por facerse cargo deste tramo sobrance da vía.

A entrega do tramo formalizarase no prazo de dous meses tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e o Concello de Sanxenxo converterase no responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra. A Administración local tamén deberá incorporar ao seu plan de estradas este treito da EP-9201.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considerou xustificado este cambio de titularidade tendo en conta que o treito transferido acadou características urbanas. A autorización deste decreto acádase despois de que o organismo provincial aprobase en pleno, en febreiro deste ano, a transferencia desta vía ao Concello.

Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994 do 14 de setembro de 1994, de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

A XUNTA FACILITARÁ O ACCESO ÁS APLICACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA A TRAVÉS DE DISPOSITIVOS MÓBILES

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe á Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia a coordinación da publicación das aplicacións nas plataformas Android e IOS baixo a denominación única de “Xunta de Galicia”*
- *Esta medida facilitará á cidadanía a identificación das diferentes aplicacións da Administración autonómica*
- *Contribuirá a aumentar a confianza de quen as usa, ao actuar a Xunta de Galicia como garante da fiabilidade e a actualización desas ferramentas*

O Consello da Xunta acordou hoxe que a publicación das aplicacións creadas por calquera organismo da Administración xeral nas plataformas Android e IOS se realice baixo a denominación única de “Xunta de Galicia”. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia será o organismo encargado da tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos.

Deste xeito facilítaselle á cidadanía a identificación das diferentes aplicacións publicadas pola Administración autonómica e contribúese a aumentar a confianza de quen as usa, ao actuar a Xunta de Galicia como garante da fiabilidade e a actualización desas ferramentas.

Plan de modernización da Administración Autonómica

Esta medida, enmárcase nas actuacións do Plan de modernización da Administración Autonómica que ten como obxectivo final conseguir unha Administración aberta as 24 horas os 365 días do ano, grazas á aplicación da tecnoloxía e ao impulso da tramitación telemática.

A continua renovación de soportes, de tecnoloxías e de hábitos de uso na comunicación en soporte dixital fai preciso adaptarse a novas realidades para poñer a disposición da cidadanía os contidos e servizos

Diversos estudos sinalan que na actualidade os teléfonos móbiles son xa o soporte máis empregado no mundo para conectarse á internet, por diante dos ordenadores persoais. A Administración autonómica non é allea a estes cambios e por iso, dentro do proceso de modernización que está a levar a cabo a Administración autonómica, adopta esta medida para facilitar, de xeito progresivo, o acceso a diferentes aplicacións a través de dispositivos móbiles.

Por riba da media europea e estatal en interacción coas administracións públicas

Cómpre destacar que Galicia supera a media estatal e europea en interacción coas administracións públicas a través da internet. Os últimos datos do Diagnóstico sobre a Sociedade da Información nos fogares galegos 2012”, realizado polo Observatorio da

Sociedade da Información e a Modernización de Galicia indican que un 47,7% dos galegos/as descargou formularios oficiais (6,7 puntos máis que a media estatal e 12,7 puntos por riba da media europea) e un 40,7% enviou formularios cubertos a través da internet (8,5 puntos por riba da media estatal e 12,7 puntos por riba da media europea).

XUNTA E CETMAR COLABORAN NUN PROXECTO DE APOIO AO REFORZO PESQUEIRO E ACUÍCOLA EN CENTROAMERICA

- ***O II Plan Director da Cooperación Galega establece como un dos seus obxectivos específicos o de fomentar proxectos de desenvolvemento pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración para levar a cabo un proxecto de cooperación en materia pesqueira e acuícola na rexión centroamericana, que engloba Belice, Costa Rica, Honduras, Guatemala, Nicaragua, El Salvador e Panamá. O proxecto conta cun orzamento de case 190.000 euros.

Desde o ano 2006, a Fundación CETMAR e a Vicepresidencia da Xunta están apoiando as diferentes fases do denominado Programa de Formación Profesional en Pesca Artesanal y Acuicultura en Centroamérica- PROFOPAC, que foi elaborado co fin de promover a profesionalización dos pescadores artesanais centroamericanos a través da capacitación e de asesoramento das comunidades, incidindo en aspectos de carácter técnico, produtivo, empresarial e organizacional.

O proxecto ten como obxectivo xeral contribuír ao desenvolvemento social e económico sustentable e á seguridade alimentaria da rexión centroamericana a través da profesionalización dos recursos humanos vinculados ao sector da pesca e da acuicultura de pequena escala; e como obxectivo específico o de fortalecer as capacidades rexionais de desenvolvemento produtivo a través da formación profesional no marco do proceso de profesionalización do sector.

Con este proxecto preténdese que os pescadores de pequena escala e acuicultores teñan acceso a unha oferta formativa de calidade que abranxa toda a súa su vida produtiva, a través de actividades tales como a elaboración do Módulo Rexional de Producción para pequenos e medianos acuicultores, o desenvolvemento dun Curso de Formador de Formadores e dun Curso Rexional de Producción para pequenos e medianos acuicultores, a actualización e edición de materiais didácticos e curriculares, e a capacitación en comunidades de pescadores artesanais en temas de produción de alimentos, conservación e transformación, no marco da estratexia de seguridade alimentaria rexional.

O programa estase implementando en toda a rexión centroamericana (Belice, Costa Rica, Honduras, Guatemala, Nicaragua, El Salvador e Panamá), e para a execución deste programa a Fundación CETMAR conta, como contraparte ou socio local, coa Oficina de Pesca do Sistema de Integración Centroamericano, OSPESCA.

O presente acordo enmárcase no II Plan Director da Cooperación Galega e ao Plan Anual 2013, que foi aprobado polo Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010, e que establece como un dos seus obxectivos específicos o de fomentar proxectos de desenvolvemento pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable.

Asemade, o Plan Anual 2013, aprobado polo Consello da Xunta o 27 de marzo de 2013, sinala a necesidade de potenciar a coordinación de actuacións entre os distintos departamentos da Xunta, recolle a importancia e o valor engadido da cooperación galega no sector pesqueiro e acuícola e, entre as novas actuacións, destaca a sinatura do presente convenio.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 312.000 EUROS NO PUNTO LIMPO DE SADA, DENTRO DO SEU APOIO ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS

- *A Xunta construíu 130 instalacións deste tipo na comunidade galega, e 9 máis atópanse en fase de desenvolvemento*
- *O investimento das actuacións en execución ou proxectadas para este ano ascende a 2,7 millóns de euros*
- *O punto limpo permitirá aos máis de 15.000 cidadáns do municipio de Sada realizar o depósito de residuos que requiran dunha xestión específica para a súa reciclaxe*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Sada para a construción dun punto limpo neste municipio da provincia de A Coruña.

Esta actuación enmárcase no desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 e contará cunha achega económica do Goberno galego de 312.645,97 euros.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta na comunidade galega, que con esta nova infraestrutura contará con 139 instalacións, das cales 130 están rematadas e 9 en fase de proxecto, licitación e construción.

O futuro punto limpo de Sada permitirá realizar a xestión de residuos sólidos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Entre os obxectivos fundamentais desta infraestrutura atópanse os de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos; e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

A parcela de localización do punto limpo situarase no Monte Perouteiro, no lugar do Vilar da parroquia de Meirás, lindando coa Vía Ártabra, no tramo comprendido entre os núcleos de Oleiros e Arillo.

As obras que se executarán para a construción do punto limpo centraranse no movemento de terras; urbanización e axardinamento; colocación das instalacións xerais; a construción da oficina de recepción, almacén de residuos especiais e depósito para residuos de aparellos eléctricos. Tamén se procederá a executar o peche perimetral e as portas de acceso, así como os contedores e sinalización.

Obxectivos

Esta actuación permitirá aos mais de 15.000 cidadáns do municipio de Sada realizar o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e posibilitando:

- Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguintes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- Facilitar a abaratar os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

SOGAMA LICITA, POR UN IMPORTE DE 17.835.400 EUROS, A XESTIÓN INTEGRAL DA SÚA REDE DE ESTACIÓNS DE TRANSFERENCIA

- *O contrato, no cal se inclúen os traballos de operación, limpeza e mantemento, rexerá para un período de 4 anos e nel aglutínanse as 20 estacións de transferencia que Sogama ten distribuídas polo conxunto da comunidade*
- *Entre as tarefas que levará a cabo o adxudicatario prestarase especial atención á optimización do funcionamento das depuradoras instaladas en cada planta, garantindo en todo momento os parámetros de vertedura*
- *A función destas instalacións non é outra que a de levar a cabo o transvasamento dos residuos urbanos desde os camións de recolla municipal a contedores de maior capacidade e máis axeitados para o transporte a longa distancia (por ferrocarril ou estrada), conseguindo que este se realice, ata o núcleo industrial de Sogama en Cerceda, nas mellores condicións*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o acordo polo que a Sociedade Galega do Medio Ambiente saca a concurso, por un importe de 17.835.400 euros e un período de 4 anos, a xestión integral da súa rede de estacións de transferencia (20 en total), que se atopan repartidas por distintos puntos da comunidade: Cee, Boiro, Narón, Santa Comba, Santiago e Ortigueira, na provincia da Coruña; Lugo, Viveiro, Barreiros, Monforte, Chantada, Sarria e Becerreá, na de Lugo; Vigo, O Porriño, Ribadumia, O Rosal e Silleda, na de Pontevedra; e Ourense e a Rúa, na provincia de Ourense.

O adxudicatario farase cargo de todos os traballos necesarios para a correcta xestión destas instalacións, incluíndo os servizos de operación, limpeza e mantemento, tanto preventivo como correctivo e legal. Entre outros, asumirá os labores propios dos sistemas de pesaxe e compactación de residuos, carga de contedores (ata o límite de 20 toneladas por unidade) e optimización do funcionamento das depuradoras instaladas nas diferentes estacións a fin de garantir en todo momento os parámetros de vertedura.

Sogama prevé a aplicación de penalizacións no caso de que os servizos prestados pola firma contratista non se axusten aos requisitos exixidos no correspondente prego de condicións, establecendo distintas sancións económicas, que variarán en función do grao de incumprimento.

As estacións de transferencia

A función das estacións de transferencia non é outra que a de levar a cabo o transvasamento dos residuos urbanos desde os camións de recolla municipal a contedores de maior capacidade (40-43 m³) e máis axeitados para o transporte a longa distancia (por ferrocarril ou estrada), conseguindo que este se realice, ata o núcleo industrial de Sogama en Cerceda, nas mellores condicións hixiénicas e de seguridade.

As estacións de transferencia contribúen así a solventar a dificultade loxística que trae consigo a elevada dispersión da poboación galega, permitindo atender e dar servizo, en igualdade de condicións, a todos os concellos adscritos a esta sociedade pública, con independencia das súas características e situación xeográfica.


Situadas habitualmente en polígonos industriais, a operativa destas estacións atópase no interior dunha nave pechada, co que se consegue atenuar o ruído producido por elas. Ademais, están dotadas das medidas ambientais pertinentes tales como equipamentos de aspiración e filtrado de aire das moegas e equipamentos de depuración das augas de lavado.

Con esta infraestrutura, Sogama evita o desprazamento individual dos camiões de recolla domiciliaria ata Cerceda, permitindo que se transporte unha maior cantidade de desperdicios nunha soa viaxe e que os concellos poidan aforrar en custos ao asumiren unicamente o traslado do lixo desde o seu termo municipal ata a estación de transvasamento máis próxima.

Funcionamento dunha estación


[Fase I] O camión de recolla domiciliaria accede ao recinto e, logo de ser pesado, sobe ata unha planta superior.

[Fase II] Unha vez situado na posición realiza a descarga sobre a moega.



[Fase III] Un sinxelo émbolo introduce os residuos no contedor.

[Fase IV] Finalizada a descarga, a instalación queda pechada esperando a chegada do



seguinte camión de recolla. Unha vez cheo, o contedor transpórtase ata o complexo ambiental de Sogama en Cerceda.

A XUNTA APOIA CON PRETO DE 2,2 MILLÓNS DE EUROS A CONTRATACIÓN DE ESPECIALISTAS PARA IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

- *As axudas de Economía e Industria para a incorporación de xestores de comercio exterior ás empresas e agrupacións poden cubrir ata o 90% do salario bruto*
- *Prímase ás entidades de zonas con plan Impulsa, así como a contratación de mozos de menos de 30 anos que leven máis dun ano en situación de desemprego*
- *Dentro da aposta da Xunta por potenciar os clústers como pancas para a dinamización económica, estas entidades e as empresas que forman parte dos mesmos recibirán unha maior porcentaxe de axuda*

A Xunta de Galicia destina preto de 2,2 millóns de euros a impulsar a incorporación de especialistas en comercio exterior ás empresas e asociacións empresariais galegas, para contribuír así á internacionalización do tecido empresarial contando co apoio de capital humano experto.

Así, mediante o programa que hoxe aprobou o Consello da Xunta apoiárase a contratación de xestores de internacionalización con axudas que con carácter xeral terán unha duración máxima dun ano e van desde o 70% do salario bruto anual, podendo alcanzar un 90% do mesmo. Así, a porcentaxe increméntase ata o 75% no caso das asociacións e agrupacións de empresas, que poden acceder ademais a dous anos de axuda para a contratación, primando así a cooperación empresarial.

Con este mesmo obxectivo, e como novidade, prímase de xeito especial aos clústers ou as empresas que forman parte dos mesmos, cun 5% adicional sobre a porcentaxe de axuda, dentro da aposta da Xunta por potenciar os clústers como pancas para a dinamización da economía galega.

A través deste programa tamén recibirán un 5% adicional os beneficiarios que contraten a xestores de ata 30 anos que leven un ano ou máis en situación de desemprego; así como as entidades que teñan o seu domicilio social ou centro de actividade nas provincias de Lugo e Ourense, as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegaleira e a Costa da Morte, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa.

Con esta iniciativa, que permitiu o ano pasado a contratación de preto de 70 xestores de internacionalización por parte das empresas e agrupacións empresariais galegas, a Consellería de Economía e Industria avanza no impulso á internacionalización do tecido empresarial galego como un dos eixos estratéxicos da política económica da Xunta.

A través do Igape, a Xunta de Galicia está a dar resposta integral ás necesidades dos empresarios galegos en cada unha das etapas a seguir no ámbito da internacionalización; desde o coñecemento dos mercados e a valoración de

oportunidades, ata a toma de decisións de implantación en mercados exteriores, con servizos tanto en orixe como en destino e coas axudas e apoios financeiros para cada fase da internacionalización.

A XUNTA ACTIVA AS PRIMEIRAS MEDIDAS RECOLLIDAS NA LEI DE EMPRENDAMENTO CON MICROCRÉDITOS E AXUDAS DIRECTAS QUE MOBILIZARÁN 16 MILLÓNS

- ***A nova liña de microcréditos ten previsto mobilizar 10 millóns de euros en proxectos emprendedores das pemes e os autónomos galegos***
- ***Ademais, a través das subvencións do Re-Emprende promoveranse investimentos por 6 millóns de euros para as pequenas empresas de ata un ano de creación***
- ***Neste programa de axudas os proxectos en zonas con plans Impulsa terán maior valoración e unha porcentaxe de axuda garantida do 25%***

A Xunta de Galicia impulsará investimentos por 16 millóns de euros na súa estratexia de apoio ao emprendemento a través dunha nova liña de microcréditos e a liña de subvencións do programa Re-Emprende. Trátase das primeiras iniciativas contempladas na futura Lei do emprendemento co obxectivo de apoiar a posta en marcha de proxectos empresariais e a consolidación de novas empresas, contribuíndo, así, á creación de emprego e de riqueza para Galicia.

A través do novo programa de microcréditos aprobado hoxe no Consello da Xunta mobilizaranse este ano préstamos por importe de 10 millóns de euros para financiar os investimentos dos emprendedores. Mediante un acordo que asinará o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) coas sociedades galegas de garantía recíproca (SGRs), estas avalarán o 100% destes microcréditos, que poderán alcanzar os 25.000 euros.

Esta liña de préstamos é unha das novas ferramentas previstas na futura Lei de emprendemento de Galicia, e adiántase á súa aprobación co obxectivo de facilitar o acceso ao financiamento a autónomos e empresas con menos de 10 traballadores e unha facturación de ata 2 millóns de euros.

Ademais, dentro dos programas de impulso ao emprendemento, a Xunta lanza unha nova convocatoria da liña de subvencións do ReEmprende, recollida hoxe no *Diario Oficial de Galicia*, que prevé mobilizar 6 millóns de euros para a posta en marcha de investimentos de ata 500.000 euros impulsados por emprendedores, autónomos ou pemes de ata un ano de actividade.

As axudas concedidas ao amparo do ReEmprende partirán dun mínimo do 15% e poden chegar a cubrir o 50% dos investimentos subvencionables, no caso das pequenas empresas. Os proxectos que se desenvolverán nas provincias de Lugo e Ourense, xunto cos das comarcas de Ferrolterra e Costa da Morte, terán unha valoración maior, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa. Ademais, garánteselles unha axuda mínima do 25% dos investimentos subvencionables.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O TRANSPORTE ESCOLAR DE 166 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES COA COLABORACIÓN DE ACEESCA, AMENCER-ASPACE, ASPANAEX, CRUZ VERMELLA E GRUMICO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura das addendas de convenios con estas asociacións***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará o transporte escolar de 166 alumnas e alumnos con discapacidades, a través da renovación dos convenios coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación de atención á parálise cerebral e afíns Amencer-Aspace, coa Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual (AXPANAEX), coa Cruz Vermella, e coa Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO); entidades que veñen subscribindo ano a ano unha colaboración para tal fin co departamento educativo da Xunta de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura das correspondentes addendas, das cales se beneficiarán no curso 2013/2014 académicos estudantes das catro provincias galegas, e que supón un investimento de máis de 520.000 euros.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación continúa a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN APOSTA POLA INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA SOBRE O GALEGO CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE 9 BOLSAS DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- ***Os bolseiros desenvolverán o seu labor neste centro ata o ano 2015***
- ***A iniciativa reafirma o compromiso do Goberno galego co estudo da nosa lingua propia, e supón, ademais, unha oportunidade para que os titulados das universidades poidan realizar actividade investigadora***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria volve convocar bolsas de formación en proxectos desenvolvidos polo Centro Ramón Piñeiro, dependente deste departamento; o que reafirma a aposta da Xunta de Galicia pola investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia, para a súa normalización. Para iso, a reunión semanal do Goberno galego deu hoxe o visto e prace á convocatoria de 9 bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH).

Xunto coa formación lingüística, a convocatoria destas bolsas tamén oferta actividades de formación literaria, histórica e antropolóxica de Galicia e está dirixida a licenciadas e licenciados universitarios, polo que contribúe á especialización na súa formación académica, profesional e investigadora.

A convocatoria será de carácter plurianual, desde 2013 ata 2015. Os proxectos a que se dirixen estas bolsas inciden en traballos de investigación sobre fraseoloxía galega, bibliografía da literatura galega e literatura galega medieval, recursos informáticos para o estudo do idioma, terminoloxía científico-técnica, a base de datos ALIR, e a construción dun sintetizador de voz para o galego.

As bolsas están dirixidas nomeadamente a licenciados de humanidades e ciencias sociais. Para a selección dos bolseiros terase en conta o expediente académico e a formación complementaria, a presentación de comunicacións en congresos relacionados coa bolsa, publicacións individuais ou a participación en publicacións colectivas relativas á dita bolsa, así como o resultado dunha entrevista persoal. Ademais, os aspirantes deberán acreditar que posúen os requisitos específicos para cada proxecto.

A traxectoria do Centro Ramón Piñeiro

O Centro Ramón Piñeiro (antes Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro) foi creado pola Xunta de Galicia o 11 de febreiro de 1993. Está adscrito á Secretaría Xeral de Política Lingüística e o seu coordinador científico é o académico da lingua galega Manuel González González.

Seguindo o ronsel da preocupación pola investigación sobre o galego do intelectual que lle dá nome, Ramón Piñeiro, o centro traballa en diversos proxectos que inciden no estudo filolóxico e de conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas e que permiten unha investigación en profundidade da historia lingüística e literaria do galego.

No marco destes proxectos, o CRPIH elabora recursos imprescindibles que dan resposta ás necesidades do conxunto da sociedade e para consulta e utilización de investigadores e público en xeral. Boa mostra disto dánnola os cadernos que se editan sobre fraseoloxía, os informes de literatura ou a colección de cadernos Ramón Piñeiro, a través da cal se publicaron, desde 2003 ata hoxe, 25 volumes sobre pensamento e cultura galega.

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS PARA APOIAR AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que beneficiará 11 empresas de inserción laboral (EIL) para a contratación de entre 36 e 38 traballadores en procesos de inserción***
- ***Trátase dun programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo e establece a posibilidade de realizar pagamentos á conta ata unha porcentaxe máxima do 90 por cento da subvención total concedida***
- ***Esta iniciativa vai dirixida a persoas desempregadas en que concorren factores de exclusión co obxecto de proporcionar formación e emprego ás persoas desfavorecidas e socialmente máis vulnerables***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 200.000 euros para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo en Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que beneficiará 11 empresas de inserción laboral (EIL) para a contratación de entre 36 e 38 traballadores.

Estas empresas deben proporcionar aos traballadores medidas personalizadas de apoio e manter, en cómputo anual, un mínimo do 30% de empregados en proceso de inserción con respecto ao total do equipo.

Este programa vai dirixido a persoas desempregadas en que concorren factores de exclusión co obxecto de proporcionar formación e emprego ás persoas desfavorecidas e socialmente máis vulnerables. As empresas de inserción laboral amplíanlles as posibilidades de acceder ao mercado laboral.

A iniciativa inclúe axudas á contratación de persoas en risco de exclusión, de xerentes para garantir a viabilidade técnica da empresa e de técnicos expertos en accións de orientación ou acompañamento á inserción; a mediación laboral para a contratación destas persoas; a formalización de préstamos con entidades financeiras; axudas para a creación ou ampliación do cadro de persoal; para o inicio e posta en marcha da actividade;

Pola súa banda, as entidades promotoras de empresas de inserción laboral poderán acceder a axudas para a contratación de persoas técnicas expertas en accións de orientación e acompañamento á inserción e para o fomento de procesos de creación de empresas de inserción laboral.

BENESTAR COLABORA COA COGAMI NUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL E OCUPACIONAL PARA 400 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración coa Confederación galega de persoas con discapacidade (COGAMI) neste sentido***
- ***A iniciativa, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, terá un orzamento de máis de 520.000 euros***
- ***Desenvolveranse actividades específicas para aquelas persoas con gran discapacidade, que disporán do apoio necesario para poder tomar parte nelas***
- ***Combinaranse os cursos a distancia cos presenciais, que terán lugar en Lugo, Ferrol, Boimorto, A Coruña, Moaña, Mos, Ourense, Santiago, Cuntis, Pontearreas, O Carballiño, Boiro, Tomiño e Xove***
- ***O departamento autonómico destina este ano ao redor de 17 millóns de euros para mellorar a empregabilidade deste colectivo***

A Consellería de Traballo e Benestar colaborará coa Confederación galega de persoas con discapacidade (COGAMI) nun programa de formación profesional e ocupacional que permitirá mellorar a empregabilidade e as posibilidades de inserción laboral dunhas 400 persoas con discapacidade.

O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo, que conta cun orzamento superior aos 520.000 euros, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Este convenio enmárcase dentro do Programa operativo do FSE-Galicia 2007-2013, que atende como prioridade a loita contra a exclusión social, en particular a grupos desfavorecidos como as persoas con discapacidade.

No convenio, establécense dous programas. Por unha banda, cursos de formación profesional dirixidos a aquelas persoas con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33 por cento, e residentes en Galicia. Poderán ser tanto a distancia como presenciais. Estes últimos desenvolveranse en Ferrol, Boimorto, A Coruña, Moaña, Mos, Ourense, Santiago, Cuntis, Pontearreas, O Carballiño, Boiro, Tomiño e Xove. Esta modalidade conta cun elevado número de insercións laborais. En xeral, realízanse cursos como de técnicas administrativas de oficina, xestións de stocks, almacén e control de caixa, ofimática, viveirismo, teleoperador, xestión administrativa contable...

Por outra banda, impartiranse cursos de formación ocupacional dirixidos a persoas con grandes discapacidades. Neste caso, tamén se combinará a modalidade a distancia coa presencial, agás que esta terá lugar no centro de Fingoi, de Lugo. Cabe destacar que os participantes neste programa, enfocado ás grandes discapacidades, disporán do apoio e servizos necesarios para poderen tomar parte nel.

Ao seren persoas gravemente afectadas, unha das principais funcións deste segundo abano de actividades do convenio é optimizar e manter as capacidade dos participantes.

Realízanse actividades con novas tecnoloxías, o que implica unha forte dotación de recursos materiais e de gran carácter innovador. Así, os beneficiarios contan con axudas técnicas específicas como conmutadores por soprido, emuladores de ratos por boca, ratos de cabeza que se poden manexar coa cabeza...

En xeral, o obxectivo desta colaboración é fomentar a formación e a inserción laboral deste colectivo, que presenta especiais dificultades á hora de atopar un traballo. Con este programa, conséguese optimizar as capacidades destas persoas e, ao mesmo tempo, incrementar a participación das mulleres con discapacidade para acadar a igualdade. A iniciativa tamén busca favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Esta actuación é unha máis das que está a desenvolver o departamento autonómico para conseguir a plena inclusión, social e laboral, das persoas con discapacidade. Só no que se refire ao eido do emprego, a Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano ao redor de 17 millóns de euros a distintos programas dirixidos a persoas con discapacidade. Entre eles, destacan, por exemplo, o mantemento dos centros especiais de emprego; os programas de emprego con apoio para persoas con discapacidade; ou os distintos programas de integración laboral.

MÁIS DE 230 FAMILIAS BENEFICIARANSE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ PARA MENORES CON DISCAPACIDADE FINANCIADO POLA XUNTA

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración por un importe de 200.000 euros entre a Administración autonómica e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)***
- ***AGAT dispón de dúas unidades de apoio psicosocial a nenos e nenas en idade infantil nas comarcas de Deza e Salnés***
- ***Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases, cada unha das unidades conta con dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo***
- ***Ambas as dúas unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) por un importe de 200.000 euros. O obxectivo é financiar o servizo de atención aos nenos e nenas de 0 a 16 anos que padecen algún tipo de discapacidade.

A finalidade deste convenio é contribuír ao financiamento das dúas unidades destinadas a apoio psicosocial (situadas nas comarcas do Deza e do Salnés) dos nenos e nenas, con déficits que xeran alteracións discapacitantes ou con risco de padecerlas. Ademais, prestan apoio ás súas familias. O servizo ofrece especial atención aos casos dos máis cativos.

O traballo destas dúas unidades pasa por avaliar dun xeito global os problemas de desenvolvemento derivados das situacións de discapacidade ou de alteracións no desenvolvemento infantil, a través dun enfoque interdisciplinario de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal. En definitiva, trátase de xerar actitudes de incorporación social no conxunto da familia e fomentar a participación na vida cotiá.

Este servizo, que comezou en 2009, atendeu ao longo do exercicio pasado 234 familias, 110 do Deza e 124 no Salnés, unha cifra que se prevé manter en 2013.

Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases (acolida, diagnóstica, orientación, coordinación, sesións de apoio ou traballo en grupo de familias), cada unha das unidades está composta de dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo. Ambas as dúas unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.

A XUNTA APROBA O PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA, PLADIGA 2013

- ***Como principal novidade, este ano destaca a aposta pola colaboración con outras administracións e entidades, co fin de incrementar a prevención***
- ***Nesta campaña, o dispositivo de loita contra os incendios estará composto por máis de 5.700 persoas, reforzado por persoal do Ministerio de Medio Ambiente, do Exército e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, ata completar un operativo de máis de 7.000 efectivos nos montes galegos***
- ***O Plan deste ano presenta unha continuidade, nas súas liñas xerais, con respecto ás últimas campañas anti-incendios, sendo tanto os medios humanos coma os materiais moi semellantes aos empregados en anos anteriores***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2013), que reflicte o esforzo e compromiso do Goberno galego na loita contra esta lacra, sendo este documento aprobado todos os anos antes da tempada de maior risco de incendios (entre o 1 de xullo e o 30 de setembro).

Como principal novidade, o Plan deste ano destaca pola aposta que se fai a prol da colaboración con outras administracións e mesmo entidades de carácter privado, co fin de incrementar a prevención e defensa dos nosos montes. Pártese, para iso, da eliminación dos riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación. Neste sentido, cómpre destacar os convenios que a Consellería do Medio Rural e do Mar ten en marcha en colaboración cos concellos en materia de prevención e loita contra o lume, aos cales dedica un orzamento que se aproxima aos 20 millóns de euros.

A Xunta ten en marcha convenios de colaboración coa Federación de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a elaboración dunhas ordenanzas tipo para a xestión da biomasa e dun modelo de bando municipal. Así mesmo, ambas as administracións, xunto coas deputacións provinciais, están a asinar un convenio para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES), que realizarán traballos de extinción e prevención.

A colaboración preventiva inclúe tamén aos propios concellos, con convenios para tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal –que xa se viñan levando a cabo en anos anteriores– e para a actuación de brigadas de prevención e defensa, que constitúen unha novidade e que se sumarán ao dispositivo do distrito forestal onde se sitúe o concello, podendo colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais de Galicia. Tamén como novidade deste ano, asinaranse convenios coas administracións locais para a elaboración de plans municipais preventivos, co fin de definir a rede de faixas secundarias de xestión de biomasa.

Suma de esforzos

Por outra banda, e tal e como se adiantara o ano pasado, nesta campaña súmanse aos esforzos da Xunta entidades de carácter privado, caso da Federación Galega de Caza, a *Unión de Radioaficionados Españoles* e a Asociación de Usuarios de Vehículos Todoterreo.

Como mellora técnica do operativo tamén están en funcionamento as cámaras térmicas para a vixilancia e detección de lumes, así como a incorporación de cámara de infravermellos e ópticas en helicópteros non tripulados e globos aerostáticos, estes en fase de proba.

Polo demais, o Plan deste ano presenta unha continuidade, nas súas liñas xerais, con respecto ás últimas campañas anti-incendios, sendo tanto os medios humanos coma os materiais moi semellantes aos empregados en anos anteriores.

Así, para esta campaña o dispositivo de loita contra os incendios estará composto por 5.708 persoas, reforzado por persoal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do Exército e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, ata completar un operativo de máis de 7.000 efectivos. No tocante aos medios materiais, contarase con 32 medios aéreos, entre os propios da Xunta e os que fornece o Estado; e 360 medios mecánicos de loita contra o lume, entre os que cabe salientar as 156 motobombas do SPDCIF (Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais) da Xunta e aos cales se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

Reducir ao mínimo os danos

Como obxectivo xeral do Pladiga 2013, mantense o de reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais, dentro dos recursos dispoñibles. Así mesmo, permanecen os fins complementarios establecidos o pasado ano, que se centran en non superar a media de 3 hectáreas de superficie afectada por lume e, en canto ao tamaño dos incendios, manter o número dos maiores de 25 hectáreas por baixo do 2% do total, e a porcentaxe daqueles menores de 1 hectárea, por riba do 70% do total. Mantense, ademais, o obxectivo concreto de reducir o número de lumes e a superficie queimada total con respecto da media dos últimos dez exercicios.

A EGAP FORMARÁ FUNCIONARIOS XUDICIAIS SOBRE DESAFIUZAMENTOS E INVESTIGACIÓNS FORENSES DE MORTES E DELITOS SEXUAIS

- ***Son dúas das novidades do plan formativo 2013, que tamén recolle cursos sobre procedemento contencioso-administrativo e cuestións complexas en psiquiatría forense***

O Consello da Xunta informou esta mañá do Plan de formación continua do persoal da Administración de Xustiza en Galicia 2013, que contará con 23 edicións, 1.060 prazas e 574 horas de formación e se caracterizará por introducir cursos novos relacionados con materias como os desafiuamentos, intervencións urxentes na investigación da morte e os delitos sexuais ou cuestións complexas en psiquiatría forense.

O goberno galego aposta porque a Administración de Xustiza debe contar cuns servizos áxiles, accesibles e próximos aos cidadáns que dean resposta ás súas demandas e problemas e, para cumprir este obxectivo, os empregados públicos son o principal activo, polo que desde a EGAP, en colaboración ca dirección xeral de Xustiza, se pretende potenciar a modernización, calidade e profesionalización da Administración a través da formación e perfeccionamento dos empregados públicos.

Así, para este ano están previstos dous tipos de formación diferenciada para o persoal pertence á Administración de Xustiza, por unha parte o plan de formación anual, e por outra os cursos de linguaxe xurídica galega, nos niveis medio e superior, aos cales poderán acceder tanto o persoal que traballa na nosa comunidade, como o que o fai fóra dela.

Ademais, para este ano -e dentro do Plan Senda 2014- porase en marcha unha Comunidade Virtual de Aprendizaxe, en colaboración entre a Vicepresidencia e a Amtega, que consiste nun contorno virtual e orientado a todos os usuarios da Administración de Xustiza en Galicia que terá como finalidade dar unha formación continuada e ofrecer un soporte avanzado.

Catro cursos novos

As accións formativas do Plan anual ofrecerán unha visión práctica en todas as ordes xurisdicionais: civil, laboral, penal e contencioso-administrativa. Ademais, este 2013 o plan formativo dos empregados xudiciais realizará catro cursos novos: execución hipotecaria, cuestións complexas en psiquiatría forense, curso de procedemento contencioso-administrativo e protocolización da intervención urxente do médico forense na investigación da morte e os delitos sexuais.

O primeiro dos cursos, o da execución hipotecaria, pretende analizar desde unha perspectiva eminentemente procesual, o proceso de execución sobre bens hipotecados ou peñorados. Os contidos do seu programa fan especial fincapé nas peculiaridades

procedementais deste tipo de procesos, tratando de facilitar aos destinatarios ferramentas que simplifiquen a súa tramitación no sistema de xestión procesual Minerva Nox.

A actividade sobre cuestións complexas en psiquiatría forense está destinada a forenses e psicólogos do Imelga que pretende actualizar os conceptos teóricos sobre a materia e dotar os alumnos das ferramentas necesarias para abordaren unha forma obxectiva as cuestións máis complexas en materia de imputabilidade, incapacidade e valoración do risco en violencia de xénero.

Pola súa banda, o curso de procedemento contencioso-administrativo está orientado a perfeccionar os coñecementos sobre este tipo de procedementos, contribuír á carreira profesional e mellorar a calidade de traballo nas oficinas dos xulgados e tribunais. Con ese obxectivo, incluírá aspectos prácticos, como a utilización das aplicacións informáticas para a tramitación destes expedientes.

A área de itinerarios formativos en materias procesuais contencioso-administrativas estará integrada por dous cursos de 25 horas cada un. Deste xeito, este primeiro curso de carácter básico e 25 horas de duración, terá continuidade con outro curso posterior de carácter avanzado doutras 25 horas.

Por último, o curso de protocolización da intervención urxente do médico forense na investigación da morte e dos delitos sexuais ten como finalidade abordar a necesaria unificación de criterios de actuación nas intervencións médico forenses urxentes. A iniciativa pretende tamén unha proposta de estandarización de recolla de datos, exploracións, técnicas e estudos complementarios na investigación da morte e os delitos sexuais; e a posta ao día no protocolo de sucesos con vítimas múltiples.

Un ano máis, a Escola Galega de Administración Pública segue apostando por un modelo que inclúa unha ampla oferta na modalidade en liña, co fin de facilitar ao persoal de Xustiza poder compatibilizar a súa vida laboral coa familiar, ademais de contribuír a eliminar aquelas dificultades que poidan existir para acceder á formación presencial, como poden ser as distancias ou os horarios.

A XUNTA APOIA PESCANOVA FACILITÁNDOLLE LIQUIDEZ INMEDIATA PARA CONTRIBUIR A SÚA VIABILIDADE

- ***O Goberno galego únese neste proceso ao resto de entidades financeiras participando na constitución do préstamo cunha achega de arredor de 4 millóns de euros***
- ***O acordo facilita o mantemento da actividade da empresa e permite ao administrador concursal seguir traballando no futuro da compañía***
- ***A Xunta, desde o primeiro momento, amosou a súa implicación e compromiso co futuro da multinacional galega co obxectivo de manter o proxecto, os postos de traballo e a industria auxiliar que depende del***

A Xunta de Galicia decidiu trasladar ao Administrador concursal a súa disposición a participar na constitución do préstamo que require Pescanova co obxectivo de sufragar as súas necesidades de liquidez actuais. A cantidade que achegará a Xunta dependerá das diferentes contías do *pool* de entidades financeiras pero situarase en arredor de 4 millóns de euros.

Con esta decisión, a Xunta únese neste proceso ao resto de entidades financeiras, co obxectivo común de establecer as condicións mínimas que garantan a viabilidade do proxecto.

O acordo, que se levou hoxe ao Consello da Xunta, tomouse unha vez coñecidas as necesidades da compañía, centradas nestes momentos nos requisitos de liquidez operativa. O obxectivo é que o préstamo sirva para facilitar o mantemento da actividade da empresa e permita ao administrador concursal cumprir a súa obriga de seguir traballando no futuro da compañía.

O compromiso, manifestado desde o primeiro momento pola Xunta de Galicia, céntrase en apoiar institucional e economicamente o proxecto de Pescanova, un dos primeiros grupos do mundo no seu sector, contribuíndo a garantir a viabilidade do proxecto no seu conxunto, o mantemento dos miles de postos de traballo que dependen da compañía así como a industria auxiliar que a rodea.

A Xunta de Galicia espera que co apoio das distintas partes se traslade tamén a confianza necesaria para que Pescanova poida asegurar a continuidade do seu proxecto e a súa contribución a xeración de riqueza e emprego en Galicia.

A BIBLIOTECA VIRTUAL BIBLIOSAÚDE CONTOU NO 2012 CON MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE ACCESOS

- *Todo o persoal do Sergas, mesmo aqueles que xa están xubilados, teñen acceso á biblioteca virtual*
- *Esta plataforma ofrece servizo as 24 horas do día a todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, centros de atención primaria e aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados*

A Biblioteca Virtual do Sistema Sanitario Público de Galicia, Bibliosaúde, acadou no ano 2012 un total de 1.526.849 accesos ao seu portal.

Bibliosaúde naceu para cambiar o sistema existente de bibliotecas presenciais nos hospitais por outro que estende o acceso á información a todos os centros sanitarios. Grazas a esta ferramenta ponse á disposición de todos os profesionais do ámbito da sanidade información relevante e técnica que lles permite a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, na docencia e na investigación.

Desta forma, todo o persoal do Sergas, mesmo aqueles que xa están xubilados, teñen acceso á biblioteca virtual tanto desde a propia Intranet como desde a internet.

Ademais, esta plataforma ofrece servizo as 24 horas do día a todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, centros de atención primaria e aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados.

Así, todos aqueles profesionais que o necesiten poden acceder a coleccións de revistas médicas, a textos completos, libros e bases de datos entre outros. Tamén dispoñen dun servizo de petición de artigos, busca bibliográfica ou catálogo de libros on-line.

Novidades do 2012

Durante o ano 2012 levouse adiante a integración con outros sistemas de información existentes tanto na Consellería como no Sergas como é o caso do Expedient-e para vinculacións á produción científica dos profesionais e, ao mesmo tempo, dará a coñecer fóra do ámbito propio.

Doutra banda, o pasado ano asinou un convenio de colaboración con Dialnet da Universidade da Rioxa para a difusión das publicacións procedentes da Consellería e do Sergas con carácter internacional. Isto supón un avance cualitativo na promoción do coñecemento da investigación que se está desenvolvendo no ámbito sanitario en Galicia.

Ademais, púxose en marcha o primeiro catálogo on-line das bibliotecas galegas, BICO, mediante o cal todas as bibliotectas sanitarias da Consellería de Sanidade teñen todos os seus fondos integrados e pódense consultar desde calquera lugar.

Esta é unha aposta máis da Consellería e do Servizo Galego de Saúde polos seus profesionais, poñendo á súa disposición as mellores ferramentas de formación e información para a toma de decisións.

Desde Sanidade quérese facer un recoñecemento expreso aos traballadores das bibliotecas polo seu traballo diario en rede para pór á disposición de todos os profesionais documentación de calidade.